

RESUMO DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 13 DE NOVEMBRO DE 2008

Ás 10.00 horas, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no [anexo I](#).

1. Recoñecemento de créditos por actividades nos graos da UDC

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen explica a proposta de recoñecemento de créditos por actividades nos graos que figura no [anexo II](#) e que trae causa do establecido para tales efectos no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, en que se indica que ao alumnado dos novos graos se lle pode recoñecer un máximo de 6 créditos ao longo da súa carreira por unha serie de actividades culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación. Sobre a base de que cada universidade establece, se for o caso, as competencias que o alumnado debe adquirir nos graos, na nosa universidade o modelo para a elaboración do perfil académico profesional debe recoller, entre outras, as competencias nucleares definidas pola Universidade da Coruña como esenciais e comúns a todas as titulacións coa pretensión de poder ser adquiridas por todos os titulados. Insiste tamén na necesidade de concienciarse sobre o feito de que os créditos de libre elección desaparecen. Remata a súa intervención sinalando que este documento foi discutido cos representantes de alumnos e foi aprobado pola Comisión de Planos de Estudo na súa sesión do día 6 de novembro de 2008.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participan o Sr. Casabella López, quen considera a proposta moi restritiva por non incluír outro tipo de actividades; o Sr. Dopico Calvo, quen centra a súa intervención na interpretación que se debe facer da expresión «deportistas de alto nivel» do punto 2.7, a que lle responde o Sr. Vicerreitor de Cultura e Comunicación indicando que esta expresión inclúe todos os deportistas, tanto os de ámbito estatal como os de ámbito autonómico; o Sr. Valderruten Vidal, quen fai a suxestión de poñer a disposición final antes do anexo I; a Sra. Regueiro Diehl, quen trata o tema das competencias lingüísticas do anexo II, considerando que non se premia a competencia neste materia por

recoñecérense só para tales efectos os cursos regulares do Centro de Linguas, a que lle responde a Sra. Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais que os cursos regulares doutros centros e institucións non se recoñecen por esta vía porque precisamente teñen outras canles específicas de recoñecemento académico. Remata a quenda de intervencións o Sr. González López, considerando que se deberían incluír aquí tamén a colaboración e a participación en proxectos de investigación, a que lle responde o Sr. Reitor indicándolle que existen outros medios de recoñecemento, como é o caso da súa inclusión como criterios de avaliación nas guías docentes.

Co cambio formal suxerido polo Sr. Valderruten Vidal, apróbase por asentimento o sistema de recoñecemento de créditos por actividades nos graos da Universidade da Coruña, que figura no [anexo III](#).

2. Aprobación, se proceder, de propostas de títulos de grao da Universidade da Coruña

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen dá conta da relación de doce de títulos de grao que figura no enderezo http://www.udc.es/reitoria/ga/vicerreitorias/voat/propostas_grao.asp e tamén no [anexo IV](#), logo de indicar que se está na segunda fase do procedemento de elaboración de títulos de grao, pois na sesión do Consello de Goberno do día 22 de maio aprobáronse as denominacións daqueles títulos que solicitaban transformase nesta fase.

Trátase dunha relación de doce propostas, aínda que inicialmente eran trece coa proposta do grao de Enxeñeiro en Deseño Industrial e Desenvolvemento de Produto, que recibiu algunhas alegacións formais e de contido, cuxo estudo aconsella adiar até a próxima sesión do Consello de Goberno a súa toma en consideración e aprobación, se proceder. E trátase dunha relación de propostas que, na fase de alegacións, recibiu informes por parte desta vicerreitoría naquelas cuestións que estaban incompletas ou non se axustaban á normativa para que modificasen a proposta. E tamén recibiron alegacións internas da UDC, algunhas en relación con departamentos que solicitaban incluír materias, outras relacionadas con cuestións que agora non tocan, como asignación de docencia, que foron desestimadas. Nalgún caso, incluso, tiveron alegacións de colexios profesionais ou de profesores do centro, que foron aceptadas parcialmente. Polo demais, tamén indica que a Comisión do Plano de Estudos (CPE)

revisou con detalle tanto a parte relacionada co punto 5 do Verifica (planificación das ensinanzas) como o resto do documento.

Quere aclarar igualmente que a CPE acordou que na proposta dos graos da Facultade de Filoloxía puidesen aparecer dúas materias de nove créditos, que é algo que a normativa permite con carácter excepcional, tendo en conta para tales efectos que os graos desta facultade son os únicos da Universidade da Coruña e do sistema universitario galego que transformaron tres titulacións en 3 graos cun tronco común de dous anos. Trátase dun esforzo de adaptación realmente importante, dado que se reduce o que podía ser materia obrigatoria de seis cursos a dous.

Logo de explicar cada unha das propostas e as vicisitudes da súa elaboración, a Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións detense no grao en Ciencias Empresariais que presenta a Escola Universitaria de Estudos Empresariais e no Grao en Turismo que presenta a Escola Universitaria de Turismo. A respecto do primeiro, en que houbo problemas coa Consellería para a súa solicitude, indica que a postura da Universidade da Coruña foi a de defender que todos os títulos existentes debían ser transformados e este título cumpría e cumpre os requisitos esixidos na normativa da Xunta de Galicia. Ademais, sinala a Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións que se trata do título do sistema universitario galego, despois de Medicina, que máis alumnos ten, sobre a base de que hai centros nas tres universidades galegas, e que o perfil profesional dos egresados é diferente doutros títulos do ámbito da economía, á parte o dato de que este título, coa denominación que se lle quería dar de Finanzas e Contabilidade, xa está verificado na Universidade Carlos III, onde tamén son impartidas as titulacións de Economía, Administración e Dirección de Empresas ou Estatística. Precisamente por isto remata afirmando que, se as universidades españolas que teñen esta titulación están a transformala, non parece lóxico que na nosa Comunidade Autónoma non se permitise esta transformación.

A respecto do grao en Turismo que presenta a Escola de Turismo, a Sra. Vicerreitora dálles conta aos membros do Consello de Goberno de que este é un título da Universidade da Coruña que foi elaborado nunha comisión mixta, en que estaban incorporadas as vicerreitorías de Organización Académica e Titulacións e a de Calidade e Novas Tecnoloxías, a Unidade Técnica de Calidade, a persoa adxunta á Vicerreitoría para Titulacións, o decano da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, o decano de Socioloxía, a directora de Escola Universitaria de Estudos Empresariais e

unha profesora do centro adscrito afectado. O traballo desta comisión, que foi realmente bo, rematou coa aprobación da proposta polo centro e pola propia comisión mixta, que recibiu moi poucas alegacións e que, como o resto de propostas deste punto da orde do día, cumpre formal e materialmente coa normativa.

Antes de proceder á quenda de intervencións, a Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións quere agradecer expresamente aquí o esforzo que fixeron todo os centros implicados, que traballaron arreo e con moita seriedade na elaboración de todas estas propostas.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participan o Sr. Casabella López, quen dá conta dos traballos de elaboración da proposta do seu centro, o Sr. González López, quen se centra no tema das atribucións profesionalizantes, e o Sr. Naveira Fachal, quen pregunta por temas relacionados coa docencia e coas horas presenciais, tendo en conta que chegan informacións aparentemente contraditorias. En resposta, o Sr. Vicerreitor de Profesorado intervén remitíndose para tales efectos á documentación enviada no seu día desde a súa vicerreitoría e ao borrador de Estatuto do Persoal Docente e Investigador.

Apróbase por asentimento a relación de propostas de título de grao que figura no citado [anexo IV](#).

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión ás 12.00 h.